

Un *ajuste de cantos*: a lírica trobadoresca e a renegociación dos roles de xénero na poesía portuguesa contemporánea

Paulo Alexandre Pereira

Universidade de Aveiro

<https://orcid.org/0000-0003-2539-4248>

[Recibido, 2 outubro 2020; aceptado, 15 novembro 2020]

[Pereira, P. A. (2020). Un *ajuste de cantos*: a lírica trobadoresca e a renegociación dos roles de xénero na poesía portuguesa contemporánea. *Boletín Galego de Literatura*, 57, "Estudos", 67-91]
DOI <http://dx.doi.org/10.15304/bgl.57.7147>

RESUMO Mesmo que intermitente, a presenza da memoria trobadoresca na poesía portuguesa dos séculos XX-XXI permite identificar un continuum intertextual que non deixa dúbidas sobre a impresionante posteridade do repertorio poético medieval. A resemantización da tradición lírica peninsular da Idade Media –e, en particular, da cantiga de amigo–, ilustrada polas súas moitas reescrituras contemporáneas, documenta a plurifuncionalidade –retórica, ideolóxica, simbólica– dunha poesía que non deixou de interpelar creativamente, alén daquel que foi o seu tempo de vixencia histórico-periodolóxica. No presente artigo, partindo da análise de poemas seleccionados de autoras portuguesas contemporáneas de diferentes xeracións –Maria Teresa Horta, Natália Correia, Ana Luísa Amaral, Adília Lopes e Catarina Nunes de Almeida–, discútense o modo como, a través das réplicas poéticas que todas concibiron para as cantigas de amigo, conseguen deconstruír a “política sexual” do xénero medieval, converténdoo en vehículo dun *gender trouble* contemporáneo.

PALABRAS CHAVE: Cantiga de amigo; poesía portuguesa contemporánea; xénero sexual; xénero literario.

ABSTRACT Although the memory of troubadour poetry only surfaces intermittently in 20th and 21st century Portuguese poets, its persistence gives evidence of an intertextual *continuum*, leaving no doubt as to the impressive posterity of medieval poetic tradition. The retextualization of the Iberian lyrical genres –particularly that pertaining to the cantiga de amigo–, as illustrated by numerous poetic pastiches and parodies, gives evidence of the rhetorical, ideological and symbolic versatility of a poetic legacy that has never ceased to instigate (re)creation, well beyond its time of composition and circulation. In this article, drawing on the analysis of selected poems by female Portuguese contemporary poets belonging to different generations –Maria Teresa Horta, Natália Correia, Ana Luísa Amaral, Adília Lopes, and Catarina Nunes de Almeida–, we discuss the ways in which, by poetically replying to the medieval cantiga de amigo, they have succeeded in disrupting the “sexual politics” underlying this poetic genre, making it voice contemporary *gender trouble*.

KEYWORDS: Cantiga de amigo; contemporary Portuguese poetry; gender; genre.

Un ajuste de cantos

Nunha das súas moitas *artes poeticae*, anti-retóricas e saturadas de xogos de palabras, Adília Lopes, quen se autodenomina como a “poetisa pop” portuguesa –cuxas variacións neotrobadorescas analizarei neste traballo– describiu a obra de arte como un “ajuste de cantos”:

A obra de arte
não é um ajuste
de contas
é um ajuste
de cantos. (Lopes, 2009, p. 269)

A propósito da noción de axuste de Lopes e usándoa con liberdade como un tropo aclaratorio, o meu propósito é botar luz sobre a operación estética e ideolóxica de conxunción das dúas tradicións poéticas sobre as que versa o estudo: a lírica medieval galego-portuguesa e a poesía contemporánea portuguesa. Para a meirande parte dos poetas contemporáneos, que foron no seu día engaiolados e retados creativamente pola alquimia verbal minimalista das cantigas peninsulares, o axuste (entendido como a conciliación do ton e estilo da voz poética descarnada e vestixial do trovador e a súa propia dicción) foi certamente unha cuestión fundamental.

68

Neste artigo, indagarei a ocasional –mais evidente– pegada da tradición lírica medieval da Península Ibérica en poetas contemporáneos selectos, entendida como o resultado dun acto discursivo e de converxencia afectiva a través do cal as voces medievais e contemporáneas foron mutuamente axustadas. Como se esperaba, o axuste resultante deste encontro estético pode ter sufrido certa resistencia momentánea e fricción, e a sedución temática e formal ou o axuste ideolóxico dun poeta contemporáneo á poética trobadoresca pode ter sido acompañada por unha firme réplica ás premisas ideolóxicas que a subxacen.

Afastados da constancia arqueolóxica ou da forte tendencia política doutros movementos neo-trobadorescos –como o estilo trobadoresco da Restauración Francesa do século XIX ou o neotrobadorismo galego, o cal emerxeu a comezos do século XX, “when avant-garde experimentalism was torn by a constant tension between new and traditional forms” (Gutiérrez García,

2014, p. 29)– os poetas portugueses non estaban interesados en revitalizar programaticamente a memoria formal da poesía medieval e a súa atracción polo repertorio trobadoresco foi intermitente. Polo tanto, dificilmente podería terse considerado esta revivificadora e irregular *remembrance* –tomando prestada a palabra medieval utilizada por Nathalie Koble e Mireille Séguy na presentación dun monográfico acerca da memoria da Idade Media na poesía contemporánea (Koble e Séguy, 2014, p. 7)¹– como un movemento literario ou inclusive unha tendencia recoñecible.

É indiscutíbel que, para os autores portugueses e galegos post-medievais, a recepción filolóxica e a creativa da poesía trobadoresca estiveron sempre intimamente relacionadas. Como apunta Gutiérrez García (2014, p. 28), “the first step in this process of recognition –and reappropriation– of the past was the discovery of the Galician-Portuguese *cancioneiros* in the mid-nineteenth century, which placed an emerging nationalist literary historiography in Galicia on a par with other national literary traditions across Europe”, suscitando “the artistic assimilation of the poetic resources of the medieval lyric right up until the early decades of the early twentieth century”. De orixes dispares e cunha intencionalidade ideolóxica desigual manifesta, a inspiración neo-trobadoresca en Portugal e Galicia beneficiouse, durante as primeiras décadas do século XX, dos intercambios literarios ocasionais promovidos por autores individuais, tales como o poeta portugués Afonso Lopes Vieira (1878-1946), cuxos pastiches neo-trobadorescos foron admirados e imitados con posterioridade polos intelectuais nacionalistas galegos na década de 1920. Aínda que frutíferos, estes contactos que involucraron a autores portugueses e galegos, impulsados por unha axenda nacionalista igualmente compartida polas persoas asociadas ao movemento saudosista e á Xeración Nós, nunca chegou a culminar na constitución dunha tendencia estética consistente na poesía portuguesa.

No seu amplo estudo histórico do neotrobadorismo galego, Teresa López (1997, p. 133) sostivo con acerto que nas literaturas portuguesa e brasileira,

¹ Logo de recordar que “la littérature em langue française qui se constitue au XIe et au XIIe siècles s’est explicitement pensée comme une entreprise de ‘remembrance’, ce terme étant à lire dans les deux sens de mémorisation et de remembrement (c’est-à-dire de ré-articulation)”, Koble e Séguy apuntan acertadamente que “la mémoire du Moyen Âge aujourd’hui à l’oeuvre dans la poésie contemporaine rejoint la mémoire telle qu’elle s’entendait au Moyen Âge, comme une pratique à la fois sérieuse et ludique – vitale” (Koble e Séguy, 2014, p. 7).

os contextos literarios nos cales sería máis presumíbel a reciclaxe dos modelos trobadorescos de xeito evidente, a poesía neotrobadoresca nunca foi cuantitativamente relevante, nin con respecto ao número de autores nin á proporción de textos de inspiración medieval na súa obra². Nunha reaproximación máis recente ao tema en cuestión, Martínez Pereiro (2014, p. 93) argumentou de xeito similar que a dispersión e a falta de “teimosía escritural” fixo que sexa máis axeitado falar de textos trobadorescos no lugar de autores en Portugal e Brasil.

De xeito discontinuo e discreto, perdendo así a posibilidade da cohesión xeracional e doutrinal, a influencia da tradición lírica medieval na poesía portuguesa dos séculos XX e XXI tivo unha salientábel perdurabilidade, conxugando un gran grupo de autores de períodos e xenealoxías dispares. Un nacionalismo literario dominante e unha obsesión fetichista coa *portugalidade* podería ternos permitido a afiliación á creatividade poética neomedieval de autores como Afonso Lopes Vieira, António Sardinha ou Afonso Duarte. De xeito similar, a oposición política antiditatorial e a protesta pacífica poderían considerarse como os denominadores comúns sobre os que se asentaban as variacións da poética neotrobadoresca de Manuel da Fonseca, Fernando Namora, Fiama Hasse Pais Brandão³ ou Manuel Alegre. Algúns poemas de Maria Teresa Horta, Natália Correia ou Ana Luísa Amaral poderían, como será argumentado posteriormente, ser interpretados como reescrituras feministas disruptivas de xéneros poéticos medievais levadas a cabo polas herdeiras posmodernas da figura da *trobairitz*.

² Na conclusión da pioneira tese de doutoramento realizada por William Myron Davis sobre o neo-trobadorismo en Brasil, Portugal e Galicia, o autor xa resaltou que, a pesar da “objective proof of the existence of this specific type of neo-medievalism among many twentieth-century poets in Galicia, Portugal, and Brazil, to an extent hitherto unsuspected”, “the chief problem, that of general configuration, remains”. Polo tanto, conclúe que “Neo-troubadourism represents at the very least a sporadic tendency in Portugal and Brazil, and perhaps trend in Galicia” (Davis, 1969, p. 256).

³ A débeda de Fiama coa tradición trobadoresca faise explícita a través da intermitente, pero prolongada reutilización da atípica cantiga de amor de Joham Zorro “En Lixboa, sobre lo mar”: nomeou de maneira significativa como *Barcas Novas* a colección de poemas que a poetisa publicou en 1967, e tituló *O Texto de João Zorro* a primeira compilación da súa obra poética que saíu en 1974. Ademais, a coñecida cantiga na que o *jogral* portugués desenvolvía o motivo militar das *barcas novas* foi utilizada como epígrafe do poema político homónimo de Fiama no que, por analogía histórica, se evocaba a saída dos soldados durante as guerras coloniais portuguesas. Amais, o rumbo androcéntrico e homossocial do poema de Fiama móstrase de forma bastante reveladora, por exemplo, na mención única dos «homens”.

Con todo, estes supostos parecidos familiares non son suficientes para suavizar a inefábel variedade de modismos poéticos e o uso idiosincrático que cada autor fai dunha tradición medieval común, unha reserva compartida de imaxes e temas que a miúdo se senten tentados a utilizar, aínda que en grao variábel e por razóns e propósitos extremadamente diversos⁴. Noutras palabras, aínda que o establecemento dunha tipoloxía dos usos do neotrobadorismo na poesía contemporánea, xa sexa seguindo unha periodización literaria ou criterios formais (é dicir, tratando de avaliar o grao de similitude ou desviación entre o paradigma medieval e a súa imitación contemporánea) pode resultar operativo, a reelaboración idiolectal dos xéneros e motivos trobadorescos fai que sexa imperativo examinar tamén as motivacións ideolóxicas que subxacen aos procesos de renovación neomedieval. Así pois, todos os modos de recepción medieval distinguidos por F. Gentry e U. Müller (1991) no seu estudo xa clásico (produtivo, reprodutivo, académico e político-ideolóxico) están, en todas as versións do renacemento neotrobadoresco, inextricabelmente vinculados e todos eles son, por tanto, dunha relevancia incuestionábel cando se tenta dar conta plenamente destes encontros intertextuais.

Nesta ocasión, con todo, optei por centrarme máis especificamente na dimensión político-ideolóxica do medievalismo, é dicir, naqueles casos en que “medieval works, themes, ‘ideas’ or persons are used and ‘reworked’ for political purposes in the broadest sense, e.g., for legitimization or for debunking” (Gentry e Müller, 1991, p. 401). Abordarei as cuestións relativas á política sexual contemporánea, tratando de exemplificar algunhas das formas nas que os poetas portugueses contemporáneos, ao reivindicar de maneira innovadora a tradición da poesía medieval galego-portuguesa, se propoñen volver concibir os papeis dos xéneros, deconstruír as mitoloxías esencialistas da feminidade e a masculinidade e socavar as identidades de xénero asignadas. De maneira máis sinxela, tratarei de mostrar como, coa axuda insospitada dos trobadores, os poetas dos séculos XX e XXI lograron expresar *gender troubles* moi contemporáneos.

⁴ As observacións de Pérez Priego sobre a presenza de temas e motivos medievais na poesía española contemporánea poderían, *mutatis mutandis*, aplicarse ao caso portugués. Na súa opinión, “lo medieval ocupa un lugar, cierto, en la atención de los poetas modernos. Pero es un lugar más bien recóndito, muchas veces generoso alarde cultural. Hay, sí, imitaciones conscientes, descubrimientos que ocasionalmente deslumbran al creador moderno. Pero sus preocupaciones artísticas, lógicamente, van por otros caminos. Lo que sí es cierto es que el poeta moderno no ha renunciado a la Edad Media, a la literatura medieval. La siente en su tradición literaria, forma parte como él de la misma historia literaria. Ello le permite apreciarla, valorarla y traerla tantas veces a su presente, recreándola e incluso modificándola” (Pérez Priego, 2006, p. 58).

A canción de muller peninsular e o debate sobre o xénero

Non é de estrañar que os xéneros poéticos medievais galego-portugueses, e en particular as cantigas de amigo, cultivadas entre finais do século XII e mediados do XIV por máis de 150 poetas afiliados ás cortes de Castela, León, Galicia e Portugal, estean no centro do labor poético arqueolóxico de varios autores portugueses contemporáneos. O fragmentario e anónimo *Arte de Trovar*; o breve tratado retórico adxunto a unha das coleccións poéticas existentes, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, enumeraba, nunha tripartición un tanto simplista, os xéneros canónicos –*cantigas de amor*, *cantigas de amigo* e *cantigas de escárnio e maldizer*– a través dos cales se distribúen máis de 1500 textos sobreviventes.

Aínda que os límites que separan os dous xéneros de amor (cantigas de amor e cantigas de amigo) se establecen en termos de enunciación (masculino e feminino, respectivamente), a distinción das dúas subclases satíricas incluídas na categoría híbrida de escarnio e maldizer faise sobre a base dun criterio estilístico, dependendo de se os poetas recorren a termos obscenos encubertos ou explícitos nas súas invectivas e sátiras. Os críticos chamaron a miúdo a atención sobre as limitacións operativas e as incoherencias clasificatorias desta disposición triádica, nas que non vou profundar neste traballo.

72

Con todo, vale a pena lembrar que a dicotomía vocal home/muller se atopa no corazón dos límites do xénero dos que informa a práctica do trovador coetáneo. Non sería inexacto suxerir que a recepción posmedieval das cantigas galego-portuguesas aceptou até as últimas décadas con credibilidade esta fabricación vocal, dando por certo que a voz do poeta masculino, que se fixo oír na versión peninsular do *canso* occitano, era totalmente distinta da da inxenua doncela que, con enganosa franqueza, falaba *motu proprio* na cantiga de amigo. Debido a que “the male-authored *cantigas de amigo* create a dynamic notion of femininity whose multiple and even contradictory roles, voices, and emotions contrast with the uniformity and monotony created for the female figure in the male-voice *cantigas de amor*” (Corral, 2002, p. 81), os lectores modernos aceptaron facilmente esta enganosa alteridade, e a súa voluntaria suspensión da incredibilidade axudou a borrar da memoria o funcionamento da ventriloquia transexual indirecta que fixo xerar o *Ersatz* andróxino do poeta escoitado na cantiga de amigo⁵.

⁵ Graça Videira Lopes resume con agudeza as consecuencias pragmáticas do efecto de realidade que logran os poetas masculinos cando recrean artisticamente a voz feminina na

Aínda así, como sinalou acertadamente Rip Cohen (2003, p. 31), o corpus das cantigas de amigo peninsulares, que comprende máis de 500 textos, é “the largest body of female voiced love poetry that has survived from medieval or ancient Europe”, e un “still mainly unexplored source for the study of the history of woman’s voice, that is, speech, law, sexuality, mentality (however much that voice may be manipulated, archaic social, linguistic and musical features in these poems suggest that it is genuine in its origins)”. Combinado estratexicamente co mito da feminidade xenética (é dicir, a ilusión retórica de que no poema falaba unha muller real e que podería ser, con toda probabilidade, a súa autora empírica⁶), o mito da creación (romántica) de orixe autóctona marcou o camiño interpretativo da cantiga de amigo, á que, dende o século XIX, e máis notabelmente baixo a influencia das tendencias nacionalistas vixentes nas primeiras décadas do século XX, se lle deu maior relevancia, tanto en termos de recepción crítica como creativa⁷.

Cooptada polas fantasías nacionalistas bárdicas e usualmente lida como *Volkspoesie*, baixo o irresistible feitizo da falacia de sinceridade antes mencionada, non é nada sorprendente que até hai moi pouco a cantiga de amigo galego-portuguesa non fose obxecto de lecturas feministas destinadas a localizar instancias da mesma orde patriarcal homosocial que deu forma tanto ao *canso* occitano como ao seu subproduto peninsular, a cantiga de amor. Aínda que as perspicaces observacións de Tavani sobre a complementariedade in-

cantiga de amigo: “Convém lembrar, antes de mais, uma coisa simples e que é ser este um género onde o efeito de real é notável, ou seja, nestas cantigas o ouvinte ou o leitor parecem ouvir diretamente uma voz feminina (ou várias), sem mediação ou interferências. Mesmo sabendo que as cantigas são todas da autoria de trovadores e jograis, o facto é que essa autoria masculina parece apagar-se sem deixar marcas, a tal ponto a voz feminina se impõe como real ou verosímil” (Videira Lopes, 2018, p. 343).

⁶ Aquí refírome, obviamente, á clásica distinción de Bec (1979, pp. 235-262) entre “féminité génétique” e “féminité textuelle”. Para un recente e estimulante reexame dos argumentos de Bec, véxase o estudo de A. R. Roque no que a autora sostén que a oposición de Bec non debería impedir unha lectura comparativa dos textos de autoría e voz femininas incluídos na categoría multiforme da *chanson de femme*, xa que “é precisamente o facto de o género sexual do trovador non coincidir com o do suxeito lírico a que dá voz que garante grande parte do interese e do encanto da cantiga de amigo” (Roque, 2018, pp. 371-372).

⁷ Cómpre dicir que, entre as recreacións musicais realizadas por varios compositores portugueses de renome (Tomás Borba, Frederico de Freitas, Cláudio Carneiro, entre outros) para a Exposición Universal de Portugal de 1940, só atopamos cantigas de amigo. Sobre o tema, ver Lopes, 2018, p. 340. A exposición foi organizada polo réxime autoritario portugués de Salazar, como parte das celebracións do 800º aniversario da fundación de Portugal co propósito de conmemorar os feitos históricos e exaltar a mística imperial nacional. Esta elección é, por tanto, moi reveladora, xa que demostra que o presumíbel xénero indíxena da cantiga de amigo considerábase o que mellor recollía a identidade nacional.

tertextual das cantigas de voz masculina e feminina⁸ –que, de maneira un tanto entusiasta de máis, fixo que algúns críticos falaran dunha manifestación de protoheteronimia (Lopes, 2010)– poderían achandar o camiño para unha investigación máis profunda das estratexias retóricas e ideolóxicas que subxacen ao proceso de confiscación vocal que se leva a cabo na cantiga de amigo, o certo é que estas permaneceron até hai moi pouco practicamente inexistentes. Esta ausencia, que ilustra de xeito paradigmático a arraigada desconfianza da academia portuguesa cara aos enfoques orientados ao xénero, parece aínda máis sorprendente cando se confronta co desbordamento da crítica feminista e de xénero angloamericana que, polo menos dende mediados dos anos oitenta, estivo abordando a tradición poética cortesá e, en particular, a canción de muller medieval.

No caso da poesía provenzal, os críticos estableceron de maneira convincente a matriz androcéntrica e homosocial do *grand chant courtois*⁹, destronando así a antiga tese dunha superioridade feminina autorizada poeticamente, e sostiveron ao mesmo tempo que no *canço* a muller é celebrada só na medida en que dá probas de ser “morally and psychologically androgynous” (Kay, 1990, p. 92); non obstante, a cantiga de amigo peninsular abordouse moi de cando en cando dende a perspectiva dos estudos de xénero. Unha excepción merece ser mencionada: en 1993, baseándose no traballo pioneiro realizado pola medievalista holandesa Ria Lemaire (1988), Ana Paula Ferreira publicou un artigo extremadamente perspicaz –e pasado por alto sen xustificación algunha– titulado *Telling Woman What She Wants: As Cantigas de amigo como estratexias de contención*. No seu estudo, despois de establecer que no contexto poético galego-portugués, “as in other medieval Romance literatures, the fiction of woman’s voice cannot be isolated from a whole textual corpus obsessively built around the figure of woman as image” (1993, p. 26), Ferreira sostén que, na cantiga de amigo, a muller “speaks insofar as a male other grants her a reason to do so”, e que depende totalmente “upon the male

⁸ En efecto, era G. Tavani quen, nun estudo publicado orixinalmente en 1980, no *Grundriss der Romanischen Literaturen des Mittelalters*, destacou por primeira vez a natureza dialóxica de ambos os xéneros, afirmando que “na maior parte dos casos, a *cantiga d’amigo* presenta-se como o reverso exacto da *cantiga d’amor*, seja porque os conceptos aquí expressos pelo poeta na primeira pessoa são os mesmos que, na outra, são atribuídos à mulher, seja porque esta responde, de uma maneira ou de outra, aos lamentos e às solicitações do amante” (Tavani, 2002, p. 196). Para un estado da arte sobre as estratexias de construción dialóxica no traballo das cantigas de amor e cantigas de amigo galego-portugués, véxase Santiago Gómez, 2018, pp. 41-58.

⁹ Ver, por exemplo, Gaunt, 1995, pp. 122-180.

gaze for [her] own sense of identity as unitary subject” (pp. 33-34). Baseándose nun exame minucioso dos textos, chega á conclusión de que,

[...] the *cantigas d'amigo* constitute an ideologically invested, male appropriation of female voice that functioned to support the status quo by confirming women's dependence of the sexual love of men. The image of a desiring female subject could thus have contributed to keep real women from imposing their own alternative voices not only as 'writing', but first and foremost as 'speaking subjects'. (Ferreira, 1993, p. 37)

Entre as amplas manifestacións da vocalidade feminina, ilustradas pola heteroxénea tradición medieval da *chanson de femme*, o pequeno pero significativo corpus de *trobairitz* proporcionou un modelo excepcional de contradición feminina, mostrando que “women cannot be contained by masculine structures” (Gaunt, 1995, p. 95). A cantiga de amigo, pola contra, daba conta da manipulación vicaria da voz feminina por mor da cal as palabras da muller non eran máis que un simulacro enxeñoso e unha proxección do desexo do autor masculino que só lle permitía unha voz ficticia para suprimir máis eficazmente a súa representación.

Durante décadas, os estudosos portugueses desaprobaron con desdén a crítica de xénero ao abordar os xéneros medievais galego-portugueses; non é sorprendente que os poetas contemporáneos, en cambio, se desen conta axiña de que os coercitivos guións de xénero postulados polas cantigas ben poderían ser deconstruídos mediante a creatividade, descubrindo así o potencial profeminista que albergan.

A amiga responde: a voz das mulleres (medievais) na poesía portuguesa contemporánea

Ese foi certamente o caso da escritora e activista feminista María Teresa Horta, quen, nunha disruptiva colección de poesía titulada *Minha Senhora de Mim*, que saíu en 1971 para ser pronto confiscada polos censores do réxime do Estado Novo, reciclou a tradición trobadoresca para desacreditar a opresiva política sexual imposta pola ditadura de Salazar. Aínda que se fai eco da vocalización convencional na apelación directa común na cantiga de amor peninsular (*mha senhor*, o equivalente exacto do epíteto feudal provenzal *mi-dons*), Horta combínaa coa enunciación feminina convencional da cantiga de

amigo, para reescribir a posición subalterna da muller que postula a ética-estética do trobador. A voz feminina que fala nos seus disruptivos poemas descortesés, a través dos cales resoa a tradición lírica medieval¹⁰, non é por tanto a do severo e estereotipado señor nin a da amiga fantasiada polo home, senón que pertence a unha muller con libre albedrío, plenamente consciente do seu propio poder de decisión:

Minha senhora de mim

Comigo me desavim
minha senhora
de mim

sem ser dor ou ser cansaço
nem o corpo que disfarço

Comigo me desavim
minha senhora
de mim

76

nunca dizendo comigo
o amigo nos meus braços

Comigo me desavim
minha senhora
de mim

recusando o que é desfeito
no interior do meu peito. (Horta, 2009, p. 304)

Logo de confesarse como a súa propia mestra (*minha senhora de mim*¹¹), esta muller emancipada e descaradamente erótica é moi consciente do poten-

¹⁰ As cantigas medievais non son o único hipotexto do poema de Horta. A súa primeira liña é en realidade unha cita literal dunha coñecida *Trova* do poeta renacentista Sá de Miranda (1485-1558) que trata o tema do eu dividido por un conflito interior, converténdoo así no seu propio inimigo. Aínda que certamente se sente atraído pola descarada modernidade do texto de Miranda, Horta reformula claramente esta textualidade sincrética á luz das loitas feministas que aborda no seu poema.

¹¹ Anna Klobucka (2009, p. 233) observa acertadamente que no título *Minha Senhora de Mim*, a reiteración dos pronomes en primeira persoa “ressoavam con una redundancia quase agressiva”.

cial performativo do seu propio discurso e, por tanto, capaz de articular as súas vontades e luxurias até o de agora non expresadas, negándose a ser reducida a unha portavoz poética das fantasías masculinas. Anna Klobucka (2009, p. 234) sinalou con acerto que “a polarización excesiva na figura masculina ausente, característica das cantigas de amigo, chega a ser suprimida aquí pola atención igualmente obsesiva votada ao eu feminino”. A inversión de roles exposta nos poemas de Horta é efectivamente revolucionaria, máis aínda se se considera o contexto ditatorial moralmente represivo no que xurdiu. Nunha especie de *volte-face* compensatorio, o suxeito feminino fetichiza sen reserva o corpo masculino, utilizándoo como instrumento do seu propio pracer e orquestrando asertivamente os movementos sexuais da súa parella:

O Meu Desejo

Afaga devagar as minhas
Pernas

Entreabre devagar os meus
Joelhos

Morde devagar o que é
Negado

Bebe devagar o meu
desejo. (Horta, 2009, p. 344)

Ao dismantelar o canon literario e alterar os roles sociais e sexuais, a poética feminista franca de Horta converte o suxeito lírico feminino “em encenador, e já não objecto de encenação, de un encontro sexual, no qual desempeña un papel activo e, segundo a sexualidade mais ortodoxa, passíbel de ser entendido como desviante” (Amaral, 2017, p. 66). Mediante esta insurrección corporal mediada poeticamente, como resume Ana Luísa Amaral, Horta “desdiz, [...] desmonta, [...] desnomeia” mentres constrúe “novas imagens do corpo”.

Unha enerxía libidinosa similar, asimilada coa diferenza ontolóxica feminina, pódese atopar nos elaborados pastiches das cantigas de amigo medievais de Natália Correia. Aínda que orixinalmente se ideou como a “contraparte feminina” complementaria dos seus *Sonetos Românticos* (1990), Correia admi-

te, nun breve prefacio explicativo que precede ás dezaioito cantigas, que se deu conta máis tarde de que tanto o masculino como o feminino, como resultado dunha alquimia poética imprevista, se uniron nos proxectados “sonetos masculinos” (Correia, 1999, p. 619). Esta aclaración é certamente reveladora e dá conta do *ethos* que guía a reelaboración mimética do xénero medieval, seguramente facilitada pola estreita familiaridade de Correia coa obra dos trovadores galego-portugueses¹². Os textos dispuxéronse en dúas secuencias determinadas polo ton poético, con poemas organizados ao longo dunha dobre vertente de queixume e xúbilo, sendo referendados alternativamente polas “novas amigas” que reviven “velhos cantares de amigo” ou polas “velhas amigas” que cantan “novos cantares de amigo”. O quiasmo (novas/velhos; velhas/novos) é indicativo da interacción entre os impulsos anacrónicos e anticuarios en conflito que subxacen nos poemas. Por unha banda, inspíranse en gran medida na fraseoloxía, o simbolismo, as convencións de xénero e mesmo nos patróns dos textos medievais orixinais, abarcando todo o espectro de subtipos tradicionalmente asociados coa cantiga de amigo: as *barcarolas*, as *bailias*, a pastoral e a alba. Con todo, este celo mimético vese ás veces socavado pola interferencia de alusións extemporáneas a acontecementos históricos modernos, situando as cuestións expostas polos poemas nun continuo atemporal, e non estritamente medieval. Isto faise explícito dende o primeiro poema, no que, nun escenario aparentemente convencional, un suxeito lírico feminino, de pé xunto ao mar e en dó pola ausencia do seu amado, convida as súas noivas a cantar con ela as vellas cantigas de amigo, coa esperanza de que estas axuden a traer de volta os seus amantes afastados, perpetuamente comprometidos nas guerras:

Nesta praia, amigas, de onde p'rás cruzadas
 Foram matar mouros nossos lidadores
 Com cantares de amigo chamemos as barcas
 Que à lide levaram os nossos amores.
 Vão e vêm as ondas. Pelas mesmas águas
 Discorrem idades. Não mudam as dores. (Correia, 1999, p. 620)

